

DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN ADXUNTAR PARA A MATRICULA DO 1-15 DE XUÑO:

1. 6 FOTOS (TAMAÑO CARNE).
2. FOTOCOPIA TARXETA SANITARIA DO NENO/A.
3. FOTOCOPIA LIBRO VACINAS
4. INFORME MÉDICO
5. COPIA DA DECLARACIÓN DA RENDA DO 2020 DO PAI E DA NAI

*** A IMPRESIÓN DOS DOCUMENTOS ADXUNTOS DEBERÁ IR A UNHA SÓA CARA.**

Estimados pais e nais:

Unha vez formalizada a matrícula, convocámosvos a unha reunión, na propia escola, co fin de presentarvos ó persoal que vai traballar cos vosos fillos/as e aclarar todas as dúbidas que podades ter.

Para saber en que grupo está o/a voso/a fillo/a, poderedes consultar as listas que expoñeremos no taboleiro da entrada da escola, o día anterior ás reunións.

As reunións serán por aulas no patio da escola, seguindo as indicacións do protocolo para apertura de escolas infantís enviado pola Xunta de Galicia os seguintes días:

- **Grupo de 0 a 1 anos** **Luns 21 de xuño ás 17:30**
- **Grupo de 1 a 2 anos** **Luns 21 de xuño ás 18:30**
- **Grupo de 2 a 3 anos** **Martes 22 de xuño ás 18:00**

***Para o bo desenrolo da reunión, e debido á situación do COVID-19, só poderá asistir á reunión un dos pais/nais/ titores dos/as nenos/a coa correspondente mascarilla.**

Un saúdo

Sandra Dios Suárez
Directora Pedagóxica

O proceso de adaptación a Escola Infantil

Estimados pais e nais:

O ingreso na escola supón para o neno e a nena un gran cambio. Sae dun mundo familiar con códigos establecidos e roles determinados e coñecidos, dun ambiente no que se sente protexida ou protexido, onde é o centro de atención, e introdúcese no ambiente escolar, con moitos cambios e novidades na súa vida cotiá, con outras nenas e nenos e con outras persoas adultas que, de momento, non son da súa confianza.

A entrada na escola significa o primeiro achegamento a un espazo educativo e de relación que acompañará a nena ou neno durante moitos anos da súa vida, pero tamén significa a primeira separación do seu medio familiar.

Non é un momento sinxelo nin para os nenos/as nin para os pais/ nais e por suposto tampouco para as educadoras, por iso dende a nosa Escola insistimos tanto na importancia do período de adaptación e dedicámoslle todo un mes (Setembro), tempo que, aínda que non sempre é suficiente, polo menos permitirá unha axeitada transición do neno/a dende a familia a Escola Infantil.

Non todos os nenos e nenas reaccionan igual diante da mesma situación, e cada un desenvolve os seus recursos de defensa e de oposición. Hai nenos e nenas que choran, berran, gritan, patexen, agreden a outros, néganse a comer, sofren retrocesos, ... outros amósanse encantados e apenas notan o cambio. Pero todos necesitan a nosa comprensión, afectividade e paciencia tanto na casa como na Escola e **o tempo necesario que cada un precise para a súa adaptación.**

Polo tanto:

- O mes de setembro será utilizado como período de adaptación. Os nenos/as que empecen na escola un mes distinto de setembro utilizarán o mesmo sistema de adaptación.

- Durante o período de adaptación iranse aumentando pouco a pouco os tempos de estancia na escola, organizándose da seguinte forma:

* A primeira semana asistirán á escola **só media hora** e a segunda semana asistirán unha **hora**, non podendo empregar o servizo de comedor nesta primeira quincena.

* A partir da terceira semana, segundo como se vaia adaptando o neno/a iranse establecendo os tempos de estancia na escola, podendo empregar xa o servizo de comedor.

- A incorporación progresiva posibilitará que na Escola Infantil se lle preste unha especial atención os primeiros días, mellorando a calidade da acollida e da adaptación /relación afectiva coas educadoras.

A todos, nenos e nenas, pais e nais, dámosvos dende a nosa Escola a Benvida

Un saúdo

Sandra Dios Suárez

Directora Pedagóxica



Estimadas familias e alumnos:

Para comunicarnos con vostedes de forma rápida e sinxela en **Escola Infantil Municipal A Madalena** imos empregar a plataforma **TokApp School** convidando aos nosos usuarios a que descarguen esta aplicación nos seus teléfonos móbiles ou nas súas tabletas.

Por este medio **poderán ter información inmediata**, ademais de poder **responder** cando o Centro llelo solicite.

Destacar que esta é unha aplicación de **descarga gratuíta** para teléfonos Android, Windows Phone o iOS.

Está dispoñible en **Google Play Store, Windows Phone Store e App Store**.

Vostedes teñen que:

- 1- Entrar na tenda App Store, Google Play ou Windows Phone Store.
- 2- Buscar a aplicación de TokApp School e descargala.
- 3- Abrir a aplicación, seleccionar o seu país de residencia e validar o nº de teléfono ou o enderezo electrónico que facilitou no centro ao inicio do curso.
- 4- Escribir o nome de usuario e contrasinal que queiran utilizar (se xa está en uso, elixir outro).
- 5- Agardar a que o centro actualice a base de datos e detecte o seu rexistro. Comezará a recibir os comunicados. É esencial que os datos de rexistro coincidan cos facilitados ao centro.

Así mesmo, tamén pode ter información de como descargar a aplicación e darse de alta a través da seguinte ligazón:
<http://soporte.tokapp.com/>

No caso de non ter teléfono con conexión de datos, utilizaremos o correo electrónico para comunicarnos con vostedes.

Un saúdo
O Equipo Directivo



www.tokappschool.com

Más información en <http://www.tokapp.com/>

TELEFONO DE CONTACTO PARA INCIDENCIAS: 91 7372901

HORARIO DO/A ALUMNO/A NO CENTRO

ALUMNO/A:

MEDIA XORNADA (4 HORAS) *

MAÑÁ: DE..... A

TARDE: DE..... A

* A escoller: ou quenda de mañá de 7:30 a 14:00 h. ou quenda de tarde de 16:00 h. ata o peche da escola.

* Os horarios establecidos para as medias xornadas non se poderán variar en todo o curso

XORNADA COMPLETA (8 HORAS)

CONTÍNUA: DE..... A

PARTIDA:

DE..... A

DE..... A

HORARIO POR QUENDAS:

.....

.....

HORA DE ENTRADA: HORA DE SAÍDA.....

SERVIZO DE ALMORZO: SI NON

SERVIZO DE COMEDOR: SI NON PICADO BATIDO

SERVIZO DE MERENDA: SI NON PICADO BATIDO

SESTA SI NON

* Este curso debido á situación da COVID-19 todas as familias deberán marcar o horario exacto de entrada e de saída. Xa que non poderán coincidir mais de dúas familias . Unha vez revisados todos os horarios dende a escola organizarémolos para entrar en quendas de 5 en 5 minutos. Os horarios marcados serán de obrigado cumprimento mentres dure esta situación extraordinaria.

**ORDEN DE DOMICILIACIÓN DE ADEUDO DIRECTO SEPA
CONCEPTO: PREZO PÚBLICO ESCOLA INFANTIL**

C.I.F.: P - 1500200 - I

REFERENCIA DA ORDE DE DOMICILIACIÓN		
NOME DO NENO/A:		
CONCELLO DE AMES		
DATOS DO TITULAR DA CONTA		
DNI	NOME E APELIDOS	
DIRECCIÓN		CONCELLO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS BANCARIOS
NOME DA ENTIDADE:
IBAN

Esta domiciliación de pago recorrente terá efectos nos períodos de pago voluntario a partir do 1 de setembro.

Ames a de de

Asdo.:-----
(Sinatura do titular)

Consonte ao disposto no Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016), os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do CONCELLO DE AMES. En calquera momento, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, non ser obxecto de decisións individualizadas e información, comunicándoo a través dun escrito que presentará no Rexistro xeral do Concello.

D./DONA

CON DNI

D./DONA

CON DNI

PAI /NAI DO NENO/A.

AUTORIZO A:

D./DONA	<input type="text"/>	CON DNI	<input type="text"/>
D./DONA	<input type="text"/>	CON DNI	<input type="text"/>
D./DONA	<input type="text"/>	CON DNI	<input type="text"/>
D./DONA	<input type="text"/>	CON DNI	<input type="text"/>

C.I.F.: P – 1500200 – I

- A RECOLLER AO MEU FILLO/FILLA NA EIM A MADALENA: PERMANENTEMENTE

- A ADMINISTRARLLE A SEGUINTE MEDICACIÓN PARA UNHA ENFERMIDADE CRÓNICA

COA DOSE

** A familia deberá entregar informe médico actualizado, que indique o tipo de enfermidade e a medicación que o/a neno/a necesite*

- A REALIZAR AS SAÍDAS DIDÁCTICAS QUE SE LEVARÁN A CABO NA ESCOLA DURANTE O CURSO 2020 /2021 AUTORIZO NON AUTORIZO

- AO CONCELLO DE AMES PARA QUE UTILICE OS MEUS TELÉFONOS PARA TRANSMITIRME INFORMACIÓNS RELACIONADAS EXCLUSIVAMENTE CO FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL.

- TELÉFONO PAI TELEFONO NAI

- CORREO ELECTRÓNICO PAI

- CORREO ELECTRÓNICO NAI

AUTORIZO NON AUTORIZO

Ames a de de

Asdo. _____

Consonte ao disposto no Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016), os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do CONCELLO DE AMES. En calquera momento, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, non ser obxecto de decisións individualizadas e información, comunicándoo a través dun escrito que presentará no Rexistro xeral do Concello.

D./DONA CON DNI E DOMICILIO EN: EN CALIDADE DE PAI /NAI DO NEN@ AUTORIZO NON AUTORIZO

ao Concello de Ames para que permita a captación de fotografías, a gravación de imaxes e o rexistro de son daqueles eventos organizados polo Concello nos que apareza o/a neno/a antedito/a, ben a título individual ou formando parte dun grupo.

As imaxes e os sons destinaranse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias do Concello de Ames.

Tamén se poderán poñer á disposición dos pais/ nais, a través dunha empresa externa ao concello, para que, se o desexan, poidan facer copias das mesmas, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.

Ames a de de

Asdo.: _____

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE UNHA REACCIÓN ALÉRXICA NA ESCOLA

ALUMNO/A:

PAI/NAI:

IDADE:

TELF. AVISO:

TITOR:

CURSO:

ALÉRXICO/A A:

ASMÁTICO/A: SI

NON

ADRENALINA: SI

NON

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

- 1.- NON DEIXAR NUNCA O NENO/A SÓ
- 2.- CHAMAR A URXENCIAS (TELF. 061) E COMUNICAR QUE É UNHA REACCIÓN ALERXICA.
- 3.- ADMINISTRAR O MEDICAMENTO CORRESPONDENTE.
- 4.- POÑERSE EN CONTACTO CO PAI/NAI/TITOR

AUTORIZACIÓN MÉDICA

O Dr. _____

colexiado nº _____ polo Colexio de Médicos de _____

como alergólogo/pediatra revisou o protocolo e prescribe a medicación específica de actuación.

Data e sinatura

AUTORIZACIÓN PAI/NAI/ TITOR/A

Don/dona _____, pai/nai/titor legal,
autorizo ao persoal da E.I.M. "O Bosque" a administración dos medicamentos que constan
nesta ficha ao meu fillo/a.

Data e sinatura